



RESOLUCIÓN DE 26 DE DECEMBRO DE 2019, DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR DA CORUÑA, POLA QUE SE DECLARA VACANTE UNHA (1) PRAZA NA MODALIDADE DE MARISQUEO XERAL A PÉ PARA O EXERCICIO DA ACTIVIDADE EXTRACTIVA NO ÁMBITO TERRITORIAL DA CONFRARÍA DE PESCADORES DE CARIÑO

ANTECEDENTES

1 A Orde de 20 de decembro de 2018 aproba o Plan xeral de explotación marisqueira para o ano 2019 (DOG Núm. 248, de 31 de decembro de 2018), e de conformidade co expediente de aprobación do plan de explotación de moluscos bivalvos a pé da confraría de pescadores de Cariño en autorización, indicábase que a confraría para o ano 2019 establece en 17 o número máximo de permisos de explotación, e que para manter constante o número máximo de permisos cubriríanse as vacantes que se producían durante a vixencia do plan.

Tendo en conta que no proceso de renovación para o 2019 foron 16 o número de permisos renovados, e que o 14.03.2019 a confraría remite documentación referente á xubilación dunha mariscadora pertencente a dita confraría, nese momento existían dúas (2) prazas por cubrir para acadar a cifra máxima fixada pola entidade en 17 permisos de explotación para o 2019.

2 O 10.04.2019 a confraría de pescadores de Cariño solicita a apertura do procedemento para proceder á cobertura das dúas (2) prazas vacantes comentadas

3 Por resolución do 23.04.2019 da xefatura territorial da Consellería do Mar da Coruña, convocouse proceso selectivo para o acceso ao permiso de explotación na modalidade de marisqueo a pé para o exercicio da actividade extractiva no ámbito territorial da confraría de pescadores de Cariño. Neste proceso convocáronse as dúas (2) prazas indicadas.

4 O 09.09.2019, esta xefatura territorial emite resolución pola que se publica a listaxe de persoas aspirantes seleccionadas no antedito proceso selectivo e abriuse un prazo de quince (15) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da dita resolución, para a presentación de documentación. Transcorrido este prazo 1 das persoas seleccionadas non presentou documentación algunha, pasando a declararse desistida na presente resolución.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1 O Decreto 425/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente sobre o permiso de explotación para exercer a actividade pesqueira e marisqueira –modificado polos Decretos 114/2007, de 31 de maio, e 48/2013, do 7 de marzo- establece nos capítulos I e III as disposicións xerais que rexen os permisos de explotación e os requisitos para a





obtención do permiso de explotación para marisqueo a pé.

2 A Orde do 15 de xullo de 2011, pola que se regula o permiso de explotación para o marisqueo a pé, nos seus artigos 6º e 7º regula o procedemento administrativo a seguir nos procesos de selección para ter acceso ao permiso de explotación para o marisqueo a pé.

3 A resolución do 23.04.2019 pola que se publica a listaxe de persoas aspirantes seleccionadas no proceso selectivo para o acceso ao permiso de explotación na modalidade de marisqueo a pé para o exercicio da actividade extractiva na confraría de pescadores de Cariño, e se abre o prazo para a presentación de documentación, recolle no seu apartado 2º o establecido no artigo 7º.6 da Orde 15 de xullo de 2011, indicando que: " *A relación definitiva de persoas non seleccionadas que non foron excluídas do proceso selectivo, constituirá unha lista de reserva que terá unha vixencia dun (1) ano contado desde o día seguinte ao da data da resolución da xefatura territorial.*"

Esta resolución tamén establece no seu apartado 3º que: " *As persoas que dentro do prazo fixado non presentasen a documentación ou do exame dela se deducise que carecen dalgún dos requisitos sinalados, entenderase que desisten da súa solicitude.*"

Neste suposto, emitirase unha nova resolución modificando esta, consonte aos prazos e forma recollidos nos parágrafos anteriores, declarando seleccionada/s a/as persoa/s que figuren na lista de reserva polo desestimento das persoas que non presentaron a documentación ou carecen dos requisitos."

4 O período do ano no que nos atopamos unido a que a vixencia dos permisos é anual e por tanto remata a 31 de decembro, forzan que se declare vacante unha (1) praza das dúas (2) convocadas no proceso selectivo para a súa cobertura no presente exercicio. Deste xeito, podería cubrirse xunto coas restantes vacantes do proceso correspondente de renovación dos permisos mediante a lista de reserva existente, tal e como se establece nas condicións de aprobación do plan de xestión da entidade para o 2019 e prorrogado para o 2020 (puntos 1 e 3 da disposición transitoria primeira do Decreto 153/2019, do 21 de novembro, polo que se regula o réxime de conservación e explotación dos recursos marisqueiros e das algas.

De acordo co disposto na disposición transitoria primeira do Decreto 245/2009, do 30 de abril (DOG nº 84, do 1 de maio de 2009), polo que se regulan as delegacións territoriais da Xunta de Galicia, e no Decreto 177/2016 (DOG nº 239, do 16 de decembro de 2016), polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, esta xefatura territorial no exercicio das súas competencias,

RESOLVE:

1 Declarar desistida da súa solicitude, en relación á resolución do 09.09.2019 desta xefatura territorial, para a obtención do permiso de explotación na modalidade de marisqueo xeral a pé para o exercicio da actividade extractiva no ámbito territorial da confraría de pescadores de Cariño, á persoa que se indica a continuación:

1º APELIDO	2º APELIDO	NOME	NIF
PEREZ	DIAZ	MARIA DEL MAR	*** 0922 **

2 Declarar vacante para o presente exercicio unha (1) das dúas (2) prazas convocadas na





modalidade de marisqueo xeral a pé para o exercicio da actividade extractiva no ámbito territorial da confraría de pescadores de Cariño.

A presente resolución publicarase no taboleiro de anuncios da xefatura territorial de A Coruña e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>. A resolución tamén se exporá, con carácter informativo, no taboleiro de anuncios da xefatura comarcal de Ferrol, así como no taboleiro de anuncios da confraría de pescadores de Cariño.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante a Conselleira do Mar no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución, de acordo co establecido establecido nos artigos 30, 121 e 122 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A Coruña, 26 de decembro de 2019

O xefe territorial

Por delegación de funcións por Resolución do 6 de novembro de 2019

(artigo 5.3 da Orde do 8 de setembro de 2017, DOG núm. 180 do 21.09.2017)

A xefa do Servizo de Recursos Mariños

Mª José Cancelo Baquero



Xacobeo 2021





I.- CARIÑO – RELACIÓN DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS –NON SELECCIONADAS- QUE CONSTITÚEN A LISTA DE RESERVA PARA A OBTENCIÓN PERMISO MARISQUEO A PÉ Nota: ocúltase parcialmente o número de D.N.I. en aplicación das garantías de protección da súa divulgación, seguindo o establecido pola Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e Garantía dos Dereitos Dixitais en relación á identificación dos interesados nas notificacións por medio de anuncios e publicacións de actos administrativos, así como a orientación para a súa aplicación da Axencia Española de Protección de Datos.

1º APELIDO	2º APELIDO	NOME	D.N.I.	PUNTOS	PARO	FORM. 2.a	FORM. 2.b	PADRÓN
LISTA DE RESERVA								
TALLON	POL	JOSE MANUEL	* * * 1167 * *	7,50	3,00	0,00	0,50	4
RAMOS	QUINTIANA	DAVID	* * * 0319 * *	7,30	3,00	0,00	0,30	4
DA SILVA	BRITO	QUESSIA	* * * * 5420 *	6,55	1,25	0,80	0,50	4
GIMENO	ROCHE	JARA	* * * 2078 * *	5,50	1,00	0,00	0,50	4
GOMEZ	ANEIROS	ANA BELEN	* * * 9943 * *	5,38	0,00	1,08	0,30	4
CASTRO	PARADA	VICTORIA	* * * 1636 * *	4,30	0,00	0,00	0,30	4
PIÑEIRO	PAZOS	JESSICA	* * * 0725 * *	4,30	0,00	0,00	0,30	4
HARDCASTLE	COMAS	DYLAN	* * * 0823 * *	4,00	0,00	0,00	0,00	4

Os epígrafes de cada columna son:

- **PUNTOS** acadados en total.
- **PARO**: tempo transcorrido como desempleado/a, sempre que na actualidade sexa demandante de emprego, non en mellora de emprego: 0,25 puntos/mes durante un máximo de 1 ano inmediatamente anterior á convocatoria (**puntuación máx. 3 puntos**).
- **FORMACIÓN**:
 - 2.a ACTIVIDADES DE FORMACIÓN (cursos, seminarios e xornadas ou asimiladas)**:
Valoración das actividades que foron recoñecidas como mérito para acceder ao permiso de marisqueo a pé e que figuran inscritas no catálogo de actividades formativas anexo á Resolución do 23 de abril de 2019 do xefe territorial da con-

sellería do Mar na Coruña pola que se convoca o proceso selectivo.

2.b TITULACIÓN ACADÉMICA: Graduado en ESO ou equivalente: 0,30 puntos; Bacharel ou equivalente: 0,50 puntos; Diplomado universitario ou equivalente: 0,70 puntos e Licenciado universitario ou equivalente: 1 punto. Ás persoas que posúan a titulación de técnico superior en produción acuícola ou técnico en Operacións de Cultivo Acuícola impartidas no IGafa, engadiráselles 1 punto.

A suma de puntos do apartado de formación non superará os 3 puntos

PADRÓN: Por estar empadroadado nun concello do ámbito da confraría ou entidade titular do plan de explotación en que está prevista a incorporación, durante un mínimo de 1 ano anterior á convocatoria: **4 puntos**

II.- CARIÑO.- LISTADO DE PERSOAS EXCLUÍDAS

1º APELIDO	2º APELIDO	NOME	D.N.I.	CAUSA DA EXCLUSIÓN
PEREZ	DIAZ	MARIA DEL MAR	* * * 0922 * *	Desestimento por non entregar a documentación

